



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA ONCE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Expte: 2023/G007/000017

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día once de maio de dous mil vinte e tres, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 247 de data 10 de maio/2023 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa. Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celebrase co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN DO: 27. 04.23 (ORDINARIA) .-

O sr. alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 27.04.23 queda aprobada sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local (en votación ordinaria e unanimidade dos asistente á mesma).

2º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-

A.- Prórroga licenza obra maior.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“Nº Expediente: 154/2018

Asunto: Prórroga de Licenza

Visto acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/03/2020 polo que se concedeu a [REDACTED] licenza para as obras de rehabilitación de vivenda unifamiliar no Lugar de Malde (exp. 154/2018), concedéndose un prazo de 36 meses para a execución das mesmas, e séndolle notificado o acordo ao interesado en data 22/05/2020.

Visto escrito presentado pola promotora o 20/02/2020, no que solicita unha prórroga da licenza para finalizar as obras anteditas.

Considerando que a día de hoxe non variaron as condicións urbanísticas contidas nas viventes Normas Subsidiarias do Planeamento Municipal, que serviron de base para o outorgamento da referida licenza de obras.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 08 de maio de 2023 no que conclúe: “Esta prórroga non poderá superar o prazo inicialmente acordado para o remate das obras, que era de trinta e seis meses”.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Conceder a **prórroga de licenza de obras** para as obras de rehabilitación de vivenda unifamiliar no Lugar de Malde (exp. 154/2018). Esta prórroga non poderá superar o prazo inicialmente acordado para o remate das obras, que era de trinta e seis meses.

Segundo.- Aprobar a **liquidación de taxas** que ascende á cantidade de **48,08 €**.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos solicitantes co recurso que proceda.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao departamento dos servizos económicos e ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos

En Valdoviño, 9 de maio de 2023,
O Sr. Alcalde Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros, aprobou a proposta de Alcaldía transcrita concedendo prórroga de licenza de obras no expediente 154/2018.

B.- Licenza de obra maior.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE OBRA MAIOR:

Expte: 114/2022. Tedec: 2022/U022/000013

.- Expte. de obras 114/2022.- [REDACTED] **-** Para as obras de **construción de vivenda unifamiliar de planta baixa, primeira e peches** situada no **Lugar Marnela de Baixo, 7. Parroquia de Pantín. Concello de Valdoviño** (referencia catastral n.º 1588A023010410000HG).

Achegase xunto á solicitude:

- Proxecto Básico e de Execución de vivenda unifamiliar de planta Baixa, primeira e peches achegado o 15/06/2022 e visado o 31/05/2022, redatado polo arquitecto Ignacio Pedrosa Pérez.
- Plano FON01 achegado o 15/02/2023 e visado o 14/02/2023, redatado polo mesmo técnico.

- Oficio de Dirección de obra de arquitecto a nome de Ignacio Pedrosa Pérez, visado polo correspondente colexio o 31/05/2022, Oficio de Dirección de Execución da obra de arquitecto técnico a nome de Francisco [REDACTED] visado o 15/06/2022 e Coordinador de Seguridade e Saúde a nome de Manuel [REDACTED] visado el 06/06/2022.

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en en solo clasificado e calificado, como S.N.U. DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AISLADA.

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 04/05/2023 que se emite en sentido FAVORABLE

E visto informe xurídico da Secretaria municipal de data 06/05/2023 en sentido FAVORABLE.

Esta ALCALDÍA en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Conceder a [REDACTED] a **licenza municipal de obras para a construción de vivenda unifamiliar de planta baixa, primeira e peches** situada no Lugar Marnela de Baixo, 7. Parroquia de Pantín. Concello de Valdoviño (referencia catastral n.º 1588A023010410000HG).

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Ignacio Pedrosa Pérez e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 10 de abril de 2023, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo folla de valoración que consta no expediente e co seguinte desglose: Taxas 532 €. ICIO.- 2.447,22 €.

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

Quinto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros, aprobou a proposta de Alcaldía transcrita concedendo a licenza de obras no expediente 114/2022. Tedec: 2022/U022/000013.

FÓRA DA ORDE DO DIA

Dentro de este asunto de Expedientes da área de obras e urbanismo o sr. Alcalde presenta por vía de urxenza o expte de parcelación que de seguido se cita, que non estaba totalmente preparado no intre da convocatoria pero si está preparado para este día da sesión polo que sería bo axilizar a tramitación do mesmo, en aras dunha administración máis rápida e eficaz. A Xunta de Goberno Local, ratifica por unanimidade a urxenza, quedando incluído pois este asunto na sesión, co seguinte contido:

- Licenza de parcelación.-

Proposta de Alcaldía para licenza de parcelación:

“Expte 7/2022. Tedec 2022/U018/000007

.- Expte. de parcelación 2022/U018/000007 (exp. 07/2022).- **Andrea Fraga Saavedra (representada por [REDACTED])**.- Para licenza de parcelación de finca no lugar de O Barral, 17. Parroquia de Meirás. Concello de Valdoviño, segundo a documentación presentada:

- Memoria de segregación para reorganización de parcelas realizado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Esteban García Alonso, de data 25/08/2022.
- Modificación de Memoria de segregación para reorganización de parcelas realizado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Esteban García Alonso, de data 18/01/2023 e que substitúe á anterior.

As parcelas obxecto do presente informe teñen as referencias catastrais nº. 15088A502011120000GT, 15088A502011110000GL e 002101300NJ62F0000RI, respectivamente.

Así mesmo, correspóndense coas parcelas nº. 1.112 e 1.111, do polígono nº. 9, do plano xeral da Concentración Parcelaria de San Vicente de Meirás e con terreos excluídos da mesma..

Os Lotes Resultantes son:

PARCELAS	SUPERFICIE TOTAL	CLASIFICACIÓN SUELO
PARCELA A	11.567 m ²	Suelo Rústico
PARCELA B	3.091 m ²	Suelo Rústico

Considerando o informe do arquitecto municipal de data 5 de maio de 2023, no que conclúe que o proxecto de parcelación é viable segundo a normativa en vigor e polo tanto FAVORABLE.

E visto informe xurídico da secretaria municipal de data 07 de maio de 2023, emitido igualmente en sentido FAVORABLE.

Esta ALCALDÍA en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder a licencia de parcelación **de no lugar de O Barral, 17. Parroquia de Meirás. Concello de Valdoviño** ao solicitante [REDACTED] **(representada por** [REDACTED], nas condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓNS DA LICENZA) de data 5 de maio de 2023, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Segundo.- Aprobar a liquidación de taxas que ascende á cantidade de 439,74 €.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos solicitantes cos recursos que procedan.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo aos servizos económicos e ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos.

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO ALCALDE DON ALBERTO GONZALEZ FERNANDEZ NA DATA INDICADA Á MARXE/

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros, aprobou a proposta de Alcaldía transcrita concedendo a licenza de parcelación no exppte. 7/2022. Tedec: 2022/U018/000007.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e vinte minutos _do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/